

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 27 DE ABRIL DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteseite de Abril de mil novecentos noventa e cinco; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 20 de Abril pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Don Manuel González Rodríguez, veciño de Francelos, para que no término denominado "As Travesas", do devandito lugar, poida proceder á contrucción dunha vivenda unifamiliar, de acordo co proxecto básico e de execución presentado. Depositará unha fianza de 120.000 pesetas para responder de posibles danos nas vías públicas e demais termos do proxecto. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do

Imposto de construción, instalación e obras desta licenza, o cal importe é de 360.450 pesetas.

### 3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito presentado por Don Artemio Rivero Alvarez, veciño da Foz, no que interesa información urbanística dunha finca sita no devandito lugar, nº 55, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe técnico emitido polos servizos técnicos do Concello, que di o seguinte: "A ubicación conrespóndese con SNU/N.- Solo non urbanible normal.- O Concello de Ribadavia está situado na Area 2 das NN.SS. P., sendo a superficie mínima para parcela edificable 4.000 m<sup>2</sup>.- Previa a obtención da licenza de edificación precísase a obtención da autorización da CPU segundo trámite establecido polo artigo 42 LDG.- Regúlase polas NN.SS. M. e NN.SS P. art 24.- As NN.SS regúnlano a través da Orenanza 6.3.- Cabe destacar: Vivenda Unifamiliar; Posición respecto á vía provincial aliñación da Diputación; resto colindantes tres metros.- Altura máxima vivenda dúas plantas ou oito metros.

Visto o escrito de Don José Antonio Sánchez Martínez, veciño desta Vila, con domicilio en Irmáns Alvarez Araújo, no que prega o troco do seu vehículo de autoturismo, matrícula OR-2609-J, por outro novo, marca Fiat Croma, matrícula OR-4989-P; tendo en conta que neste Concello non hai marcas nin modelos normalizados, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó troco, polo cal, a partir de agora, causa baixa o vehículo OR-2609-J, sendo alta o vehículo OR-4989-P, para desenvolve-la licenza municipal número 3; polo interesado cumpriranse os requisitos establecidos nos Regulamentos Nacional e Municipal sobre esta clase de servizo.

### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, resultados nas análises mínimas de augas potables de consumo público do abastecemento de Ribadavia e San Paio.

Da Farmaceutica titular, partes semanais de claración de augas do abastecemento de consumo público do abastecemento de Ribadavia e San Paio.

## 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Visto o presuposto presentado por AQUAGEST para instalación de válvula motorizada para regulación automática da planta de auga potable de Maquiás deste Concello, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo devandito presuposto por importe de 583.811 pesetas.

Visto o presuposto presentado por NAUTEL, Nautica e Telecomunicacións S.L. con domicilio en Barbantes-Estación, por importe de 3.000.000 pesetas, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda o gasto correspondente polo importe sinalado para instalación dun pantalán con cargo ó crédito existe para o proxecto do río Avia.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda rectificar un acordo adoptado na súa sesión do 6 de Abril pasado, en relación coa obra denominada "Iluminación no Casco Histórico de Ribadavia, 1ª fase- Ampliación de obra", aprobando a liquidación da certificación polo prezo, 5.794.716 pesetas a cargo da Consellería de Economía e Facenda e 50.389 pesetas a cargo do Concello.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda rectificalo acordo adoptado na sesión do 6 de Abril pasado, en relación coa obra denominada "Iluminación no Casco Histórico de Ribadavia, 1ª fase-Ampliación de obra", aprobando a liquidación da certificación polo prezo de 1.128.328 pesetas a cargo da Consellería de Economía e Facenda e 9.812 pesetas a cargo do Concello.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA ALUMEADO PUBLICO NO MUNICIPIO DE RIBADAVIA.- Transcorrido o prazo de cinco días dende a apertura de plicas, a que fai referencia o artigo 13 do PREGO DE CONDICIONS TIPO PARA A CONTRATACION E EXECUCION DE OBRAS POR ESTE CONCELLO DE RIBADAVIA pola que se rexe dita contratación, a Comisión Municipal de Goberno procede á adxudicación definitiva da contratación directa da obra Alumeado Público no Municipio de Ribadavia, segundo proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Industrial, Don Xosé Luís Sousa López a GILSA, Instalacións Eléctricas, con domicilio en Estrada de Oira s/n, de Ourense, polo prezo de 10.172.111 pesetas, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas.- Na súa consecuencia esta Comisión

de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a consitutción da garantía definitiva, cintándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días dende a data da notificación.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesiçon, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.